

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

- 8132** *Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolven a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

Os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do sector público como base do funcionamento estrutural das administracións públicas resultan clave para o crecemento económico e benestar social e contribúen a xerar confianza no correcto funcionamento do sector público.

Dada esta importancia, o lexislador redefiniu o principio de sustentabilidade financeira no artigo 4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, incluíndo non só o control da débeda pública financeira senón tamén o control da débeda comercial.

Tal e como recolle no seu informe a Comisión para a Reforma das Administracións Públicas, o desafío de controlar a débeda comercial e erradicar a morosidade das administracións públicas exige crear un instrumento, automático e de fácil aplicación, para que o seu seguimento permita un control xeneralizado e eficaz que sexa comprensible tanto para as administracións públicas coma para os cidadáns e, sobre todo, que sexa público de acordo co principio de transparencia recollido no artigo 6 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

Con este propósito, a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pagamento como expresión do tempo de pagamento ou atraso no pagamento da débeda comercial, de maneira que todas as administracións públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pagamento, que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común que este real decreto concreta. O período medio de pagamento definido neste real decreto mide o atraso no pagamento da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pagamento establecido no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Esta medición con criterios estritamente económicos pode tomar valor negativo se a Administración paga antes de que transcorran trinta días naturais desde a presentación das facturas ou certificacións de obra, segundo corresponda.

Así mesmo, o lexislador incluíu tamén na citada lei orgánica un conxunto de medidas automáticas e progresivas destinadas a garantir o cumprimento por parte das administracións públicas da normativa en materia de morosidade. Estas medidas, en último extremo, establecen a facultade da Administración xeral do Estado para reter recursos dos réximes de financiamento correspondentes ante o incumprimento reiterado polas comunidades autónomas e corporacións locais do prazo máximo de pagamento, co fin de pagar directamente aos provedores destas administracións. Este real decreto especifica as condicións en que se poden efectuar as mencionadas retencións.

O real decreto está composto dun total de 11 artigos, tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria única, unha disposición derogatoria única e tres disposicións derradeiras.

En concreto, o capítulo I de disposicións xerais regula o obxecto e o ámbito subxectivo de aplicación do real decreto, e dispón que o seu obxecto é o de definir a metodoloxía para o cálculo e publicidade do período medio de pagamento en termos económicos, así

como o desenvolvemento das condicións para a retención dos recursos dos réximes de financiamento previsto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, ante o incumprimento do prazo máximo de pagamento, polo que será de aplicación ao sector de administracións públicas de acordo co previsto na citada lei orgánica.

O capítulo II do período medio de pagamento a provedores establece a metodoloxía para o cálculo do período medio de pagamento en termos económicos, que pola súa vez se encontra integrado polo período medio de pagamento global a provedores e o período medio de pagamento de cada entidade, as facturas que deben ser tidas en conta para calcular o período medio de pagamento a provedores, o modo en que se debe realizar a publicidade do período medio de pagamento e o seguimento que realizará deste o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

O capítulo III, de condicións para a retención dos importes que se deben satisfacer polos recursos dos réximes de financiamento das comunidades autónomas e corporacións locais, regula a forma en que se debe iniciar o procedemento de retención de recursos, as consecuencias asociadas ao incumprimento das obrigas de remisión de información, as condicións que deben cumprir as facturas dos provedores das comunidades autónomas e corporacións locais para que poidan ser aboadas polo Estado ante un incumprimento de prazo máximo de pagamento a provedores, así como as principais características aplicables ao procedemento para o pagamento das citadas facturas.

Por outra banda, a disposición adicional primeira recolle as especialidades da Comunidade Autónoma do País Vasco e da Comunidade Foral de Navarra, e establece que as referencias contidas no real decreto relativas á retención nos pagamentos dos recursos do sistema de financiamento se deben entender referidas á retención nos pagamentos derivados da aplicación dos seus respectivos réximes, polo que a súa periodicidade, en lugar de ser mensual, será a que derive da aplicación daqueles.

A disposición adicional segunda regula a práctica das retencións na participación das entidades locais nos tributos do Estado, dispoñendo que estas se deberán axustar ao disposto nas leis de orzamentos xerais do Estado en desenvolvemento do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

A disposición adicional terceira establece a obriga de que as entidades a que se refire o artigo 2.2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, calculen o seu período medio de pagamento de acordo co previsto neste real decreto. Ademais, deberán comunicarllo á Administración a que estean vinculados ou de que sexan dependentes, que se encargará da súa publicación.

A disposición transitoria única establece o modo en que as comunidades autónomas e corporacións locais deben publicar o período medio de pagamento a provedores en canto non se leve a cabo a modificación da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

Por último, as disposicións derradeiras primeira, segunda e terceira do real decreto regulan a habilitación competencial en virtude da cal se dita o presente real decreto, a habilitación normativa ao ministro de Facenda e Administracións Públicas para o desenvolvemento e execución do aquí previsto e a súa entrada en vigor, respectivamente.

O real decreto someteuse a informe da Comisión Nacional de Administración Local e do Consello de Política Fiscal e Financeira.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xullo de 2014,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto establecer a metodoloxía económica para o cálculo e a publicidade do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas, así como a determinación das condicións para a retención de recursos dos réximes de financiamento para satisfacer as obrigas pendentes de pagamento cos provedores de acordo co previsto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Artigo 2. *Ámbito subxectivo de aplicación.*

Este real decreto resulta de aplicación a todos os suxeitos previstos no artigo 2.1 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

CAPÍTULO II

Do período medio de pagamento a provedores

Sección 1.ª Metodoloxía de cálculo

Artigo 3. *Operacións seleccionadas para o cálculo do período medio de pagamento a provedores.*

1. Para o cálculo económico do período medio de pagamento a provedores, tanto global como de cada entidade, teranse en conta as facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.

2. Quedan excluídas as obrigas de pagamento contraídas entre entidades que teñan a consideración de administracións públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pagamento que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Artigo 4. *Cálculo do período medio de pagamento global a provedores.*

A Administración central, as comunidades autónomas, as corporacións locais e as administracións da Seguridade Social calcularán o período medio de pagamento global a provedores, a que se refire a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, que comprenderá o de todas as súas entidades incluídas no artigo 2, de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Período medio de pagamento global a provedores} = \frac{\sum (\text{período medio de pagamento de cada entidade} * \text{importe operacións da entidade})}{\sum \text{importe operacións das entidades}}$$

Entenderase por importe das operacións da entidade o importe total de pagamentos realizados e de pagamentos pendentes nos termos indicados nos artigos seguintes.

Artigo 5. *Cálculo do período medio de pagamento de cada entidade.*

1. Para os efectos do cálculo do período medio de pagamento global a que se refire o artigo anterior, o período medio de pagamento de cada entidade calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Período medio de pagamento de cada entidade} = \frac{\text{ratio operacións pagadas} * \text{importe total pagamentos realizados} + \text{ratio operacións pendentes de pagamento} * \text{importe total pagamentos pendentes}}{\text{importe total pagamentos realizados} + \text{importe total pagamentos pendentes}}$$

2. Para os pagamentos realizados no mes, calcularase a ratio das operacións pagadas de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Ratio das operacións pagadas} = \frac{\Sigma (\text{número de días de pagamento} * \text{importe da operación pagada})}{\text{Importe total de pagamentos realizados}}$$

Entenderanse por número de días de pagamento os días naturais transcorridos desde:

Os trinta posteriores á data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ou desde a data de aprobación da certificación mensual de obra, segundo corresponda, ata a data de pagamento material por parte da Administración. Nos supostos en que non haxa obriga de dispor de rexistro administrativo, tomarase a data de recepción da factura.

No caso das facturas que se paguen con cargo ao Fondo de Liquidez Autonómico ou con cargo á retención de importes que se deberán satisfacer polos recursos dos réximes de financiamento para pagarlles directamente aos provedores, considerarase como data de pagamento material a data da proposta de pagamento definitiva formulada pola comunidade autónoma ou a corporación local, segundo corresponda.

3. Para as operacións pendentes de pagamento ao final do mes calcularase a ratio de operacións pendentes de pagamento de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Ratio de operacións pendentes de pagamento} = \frac{\Sigma (\text{número de días pendentes de pagamento} * \text{importe da operación pendente de pagamento})}{\text{Importe total de pagamentos pendentes}}$$

Entenderanse por número de días pendentes de pagamento os días naturais transcorridos desde os trinta posteriores á data de anotación da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ou desde a data de aprobación da certificación mensual de obra, segundo corresponda, ata o último día do período a que se refiran os datos publicados. Nos supostos en que non haxa obriga de dispor de rexistro administrativo, tomarase a data de recepción da factura.

4. Para o caso das corporacións locais non incluídas no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a referencia ao mes prevista neste artigo entenderase feita ao trimestre do ano natural.

Sección 2.ª Publicidade e seguimento

Artigo 6. *Publicidade do período medio de pagamento a provedores.*

1. A Intervención Xeral da Administración do Estado calculará a partir da información remitida, e publicará antes do día trinta de cada mes a través da central de información económico-financeira das administracións públicas, a seguinte información relativa ao

período medio de pagamento a provedores da Administración central referido ao mes anterior:

a) O período medio de pagamento global a provedores mensual e a súa serie histórica mensual. Este indicador incluírá a información relativa á Administración central e ás administracións da Seguridade Social.

b) O período medio de pagamento mensual de cada entidade e a súa serie histórica mensual. Así mesmo, incluírase a información global relativa ao sistema da Seguridade Social.

c) A ratio mensual de operacións pagadas de cada entidade e a súa serie histórica mensual.

d) A ratio de operacións pendentes de pagamento mensual de cada entidade e a súa serie histórica mensual.

2. As comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevexa na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, a seguinte información relativa ao seu período medio de pagamento a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior:

a) O período medio de pagamento global a provedores mensual ou trimestral, segundo corresponda, e a súa serie histórica.

b) O período medio de pagamento mensual ou trimestral, segundo corresponda, de cada entidade e a súa serie histórica.

c) A ratio mensual ou trimestral, segundo corresponda, de operacións pagadas de cada entidade e a súa serie histórica.

d) A ratio de operacións pendentes de pagamento, mensual ou trimestral, segundo corresponda, de cada entidade e a súa serie histórica.

A información publicarase nos seus portais web seguindo criterios homoxéneos que permitan garantir a súa accesibilidade e transparencia, para o cal o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas lles facilitará ás comunidades autónomas e corporacións locais modelos tipo de publicación.

3. A Intervención Xeral da Seguridade Social calculará e publicará antes do día trinta de cada mes, e a través da Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas, a seguinte información relativa ao seu período medio de pagamento a provedores do sistema de Seguridade Social referido ao mes anterior:

a) O período medio de pagamento global a provedores mensual e a súa serie histórica mensual.

b) O período medio de pagamento mensual de cada entidade e a súa serie histórica mensual.

c) A ratio mensual de operacións pagadas de cada entidade e a súa serie histórica mensual.

d) A ratio de operacións pendentes de pagamento mensual de cada entidade e a súa serie histórica mensual.

Artigo 7. Seguimento do período medio de pagamento a provedores das comunidades autónomas.

1. En exercicio das facultades atribuídas ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no artigo 18.4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, o citado ministerio fará un seguimento, para os efectos de detectar posibles incumprimentos, dos datos publicados polas comunidades autónomas relativos ao período medio de pagamento a provedores e analizará a súa consistencia co resto de información remitida por estas ao Ministerio.

2. O Ministerio comunicará a actualización do importe que as comunidades autónomas deben dedicar mensualmente ao pagamento a provedores e se a comunicación de alerta foi realizada segundo o previsto no artigo 18.4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, co obxecto de reducir o período medio de pagamento a provedores. A indicada actualización efectuarase coa seguinte periodicidade:

a) En canto non se inicie o procedemento de retención previsto no artigo 20.6 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, cada seis meses desde a comunicación realizada en virtude do artigo 18.4 da dita lei.

b) Unha vez publicado o período medio de pagamento que determina a aplicación do procedemento de retención previsto no artigo 20.6 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, antes do inicio do dito procedemento. Iniciado este, a actualización farase cada seis meses.

Excepcionalmente, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá actualizar este importe por períodos inferiores ao semestre se, de acordo co seguimento mensual do gasto, dos pagamentos realizados e da evolución da débeda comercial, entre outros datos, resulta necesario para que a comunidade autónoma cumpra co prazo máximo de pagamento previsto na normativa de morosidade. Esta actualización será comunicada á comunidade autónoma.

3. Se o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas detecta un incumprimento na aplicación da metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores prevista neste real decreto ou a inconsistencia dos datos publicados coa información remitida polas comunidades autónomas ao Ministerio, formulará un requirimento á comunidade autónoma para que se cumpra o previsto neste real decreto.

O requirimento de cumprimento indicará o prazo, non superior a dez días naturais, para atender a obriga incumplida ou a revisión do dato do período medio de pagamento a provedores publicado, con apercibimento de que transcorrido o mencionado prazo se procederá a dar publicidade do incumprimento a través da Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas. Todo iso sen prexuízo da posible responsabilidade persoal que poida corresponder e a aplicación das medidas previstas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

CAPÍTULO III

Condicións para a retención dos importes que se satisfarán polos recursos dos réximes de financiamento das comunidades autónomas e corporacións locais

Artigo 8. Inicio do procedemento.

1. Cando o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas detecte que se produciu un incumprimento do prazo máximo de pagamento a provedores que determina a aplicación do procedemento de retención previsto no artigo 20.6 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, comunicarllo á comunidade autónoma, á cal solicitará, se é o caso, a información necesaria, debidamente certificada polo interventor xeral da comunidade autónoma, para cuantificar e determinar a parte da débeda comercial que se vai pagar con cargo aos seus recursos do sistema de financiamento suxeitos a liquidación.

Do incumprimento mencionado no número anterior tamén se informará, no mesmo día que á comunidade autónoma, ao Consello de Política Fiscal e Financeira mediante unha comunicación aos seus membros por medios electrónicos, a través da súa secretaría, sen que sexa necesaria a súa convocatoria.

2. Efectuadas as comunicacións previstas no número anterior, o titular da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local notificaralle á comunidade autónoma o importe que será obxecto de retención ou dedución, de acordo co establecido no número 3 da disposición adicional oitava da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.

O importe obxecto de retención ou dedución calcularase mensualmente como a diferenza entre o importe mensual que a comunidade autónoma deba destinar ao pagamento de provedores, segundo a última actualización comunicada conforme o previsto no artigo 7.2, e o importe mensual medio dos pagamentos efectivamente realizados pola comunidade autónoma a provedores nos últimos tres meses dos cales se dispoña de datos.

3. Desde o momento en que se remita a notificación prevista no número anterior, terase por iniciado o procedemento de retención. Esta notificación terá a consideración de acordo de retención para cada un dos meses en que se mantexa a aplicación do procedemento de retención previsto no artigo 20.6 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, para o cal se considerará que a data de entrada na Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local do dito acordo é o día catorce de cada mes.

4. Cando o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas detecte que se produciu un incumprimento do prazo máximo de pagamento a provedores nos termos establecidos no artigo 18.5 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, comunicarllo á corporación local, logo de comunicación á comunidade autónoma no caso de que esta exerza a tutela financeira da dita corporación, e poderalle solicitar a información necesaria, debidamente certificada polo interventor da corporación local, para cuantificar e determinar a débeda comercial e a parte dela que se vai pagar con cargo aos seus recursos propios, e cancelarse a diferenza mediante retencións da participación en tributos do Estado.

Esta información será actualizada polo interventor da corporación local antes do día 15 do mes seguinte á finalización de cada trimestre do ano natural.

Artigo 9. Incumprimento da obriga de remisión de información.

Sen prexuízo da posible responsabilidade persoal que corresponda, o incumprimento das obrigas de remisión de información a que se refire este real decreto, no referido aos prazos establecidos, ao correcto contido e idoneidade dos datos requiridos ou ao modo de envío, dará lugar a un requirimento de cumprimento.

O requirimento de cumprimento indicará o prazo, non superior a quince días naturais, para atender a obriga incumprida con apercibimento de que, transcorrido o mencionado prazo, se procederá a dar publicidade ao incumprimento e á adopción das medidas automáticas de corrección previstas no artigo 20 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de conformidade co establecido no artigo 27.7 da mencionada lei.

Artigo 10. Procedemento de cuantificación de importes e selección de facturas das comunidades autónomas e corporacións locais.

1. No mes en que se realice a notificación prevista no artigo 8.2 e desde ese momento con periodicidade mensual, o titular da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local comunicarlle ao interventor xeral da comunidade autónoma o importe efectivo obxecto de retención. Este importe calcularase como a diferenza entre o importe mensual que a comunidade autónoma deba destinar ao pagamento de provedores, segundo a última actualización comunicada conforme o previsto no artigo 7.2, e o importe mensual medio dos pagamentos efectivamente realizados pola comunidade autónoma a provedores nos últimos tres meses dos cales se dispoña de datos.

Cando a comunidade autónoma cumpra co prazo máximo de pagamento previsto na normativa de morosidade durante seis meses consecutivos, finalizará o procedemento de retención, sen prexuízo de que se continúe o procedemento de pagamento iniciado en relación coas comunicacións remitidas con anterioridade. A finalización do procedemento de retención será comunicada polo titular da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local á comunidade autónoma e ao Consello de Política Fiscal e Financeira mediante unha comunicación aos seus membros por medios electrónicos, a través da súa secretaría, sen que sexa necesaria a súa convocatoria.

2. Determinado, de acordo co artigo 8.4, o importe total da débeda comercial que se vai cancelar mediante retencións da participación das corporacións locais en tributos do Estado, e unha vez que se coñeza o importe da entrega mensual á conta que, efectivamente, vai ser obxecto de retención por aplicación dos criterios contidos na disposición adicional segunda, a Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local comunicarlle ao interventor da corporación local o importe efectivo obxecto de retención.

3. Efectuada a comunicación prevista nos números anteriores, o interventor xeral da comunidade autónoma ou da corporación local, segundo corresponda, remitirlle ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da plataforma habilitada para o efecto e de acordo coas indicacións e calendario que o mencionado ministerio lle comunique, unha relación das facturas que conforman a proposta de pagamento, cuxa suma alcance como máximo o importe efectivo obxecto de retención comunicado.

Esta relación incluírá, polo menos: o importe e a data de cada factura ou documento acreditativo da obriga de pagamento; a data de inicio do cómputo do período de pagamento; a identificación do acreedor actual e, en caso de cesión do crédito, do acreedor orixinario, o número de conta corrente en que se debe realizar o pagamento, o tipo de débeda e a partida orzamentaria ou conta contable en que a obriga pendente de pagamento está rexistrada.

Á relación de facturas xuntarase un certificado do interventor xeral da comunidade ou da corporación local, segundo corresponda, no cal se acredite que as facturas remitidas se axustan ás condicións definidas neste real decreto.

Realizadas as comprobacións que, se é o caso, poidan efectuarse por parte do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e da propia comunidade autónoma ou corporación local, o interventor remitirá a relación definitiva de pagamentos propostos dentro do mes en que se efectúe a comunicación do importe efectivo obxecto de retención.

4. Para a selección de facturas prevista neste artigo, as comunidades autónomas e as corporacións locais atenderán como criterio de prioridade de pagamento a obriga pendente de pagamento máis antiga en disposición de ser proposta.

5. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas só poderá aboar directamente as facturas dos provedores das comunidades autónomas ou corporacións locais que cumpran todos os requisitos seguintes:

- a) Sexan obrigas vencidas, líquidas e exixibles.
- b) Que a factura, a factura rectificadora ou a solicitude de pagamento equivalente fose presentada nun rexistro administrativo con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2014, antes da formulación da proposta de pagamento por parte da comunidade autónoma ou corporación local, segundo o caso.
- c) A obriga debe encontrarse aplicada nos orzamentos ou estados contables da entidade, conforme a normativa orzamentaria e contable que resulte de aplicación.
- d) Que se refiran ás operacións a que resulta aplicable este real decreto, para os efectos do cálculo do período medio de pagamento a provedores, de acordo co previsto nos artigos 2 e 3.

Para estes efectos, entenderase por provedor o titular dun dereito de crédito derivado dunha relación xurídica das previstas no artigo 3, con algún dos suxeitos previstos no artigo 2, así como o cesionario a quen se lle transmitise o dereito de cobramento.

6. Cando o importe da relación definitiva dos pagamentos propostos por unha comunidade autónoma ou unha corporación local sexa inferior ao importe efectivo que reterá o Estado, o excedente acumularase ao importe efectivo obxecto de retención seguinte. En ningún caso se efectuará o pagamento parcial de facturas.

Artigo 11. *Procedemento para o pagamento de facturas.*

1. A comunidade autónoma e a corporación local comunicaranlles aos provedores e, de ser o caso, aos subcontratistas, a relación de obrigas que se vaian pagar en aplicación

deste real decreto, e permitiranlles a estes consultar a súa inclusión na información remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Se o provedor está incluído poderá coñecer a información que lle afecte con respecto á normativa de protección de datos de carácter persoal.

2. O aboamento a favor do provedor suporá a extinción da débeda contraída pola comunidade autónoma ou a corporación local co dito provedor polo importe satisfeito. A Administración xeral do Estado, que intervéñ por conta da comunidade autónoma ou da corporación local, segundo corresponda, só efectuará a xestión do pagamento das obrigas con cargo ao importe retido, o que non xerará comunicación nin asunción de calquera responsabilidade.

Todos os xuros de demora e gastos que se devindiquen conforme a normativa vixente continuarán correspondendo e serán aboados pola comunidade autónoma ou corporación local, segundo corresponda.

3. Será responsabilidade da comunidade autónoma ou da corporación local, segundo corresponda, o cumprimento das normas aplicables aos pagamentos propostos, así como velar pola inexistencia de pagamentos duplicados coa súa tesouraría ordinaria ou mecanismos de financiamento habilitados. Todo iso sen prexuízo das comprobacións que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poida efectuar, o cal pode determinar a retirada ou solicitude de substitución de determinados pagamentos propostos.

4. Antes da finalización do mes en que se deban satisfacer os recursos dos réximes de financiamento das comunidades autónomas ou da participación das corporacións locais nos tributos do Estado, segundo corresponda, que fosen obxecto da dedución ou retención correspondente, a Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local remitiralle as propostas de pagamento á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira e a información relativa ás facturas cuxo pagamento vaia efectuarse con cargo a estes importes, para que proceda á ordenación do seu pagamento. As incidencias que impidan o pagamento material darán lugar a que o importe correspondente sexa acumulado aos importes efectivos obxecto de retención seguintes.

A comunidade autónoma ou a corporación local, segundo corresponda, será informada dos pagamentos efectuados e as incidencias que, se é o caso, impidan o pagamento material.

Disposición adicional primeira. *País Vasco e Navarra.*

Para a aplicación do presente real decreto á Comunidade Autónoma do País Vasco e á Comunidade Foral de Navarra, as referencias contidas nel relativas á retención nos pagamentos dos recursos do sistema de financiamento deben entenderse referidas á retención nos pagamentos derivados da aplicación dos seus respectivos réximes, polo que a súa periodicidade, en lugar de ser mensual, será a que derive da súa aplicación.

Disposición adicional segunda. *Práctica de retencións da participación das entidades locais nos tributos do Estado.*

As retencións da participación das entidades locais en tributos do Estado que, se é o caso, se apliquen para cancelar a débeda comercial daquelas, de acordo co previsto neste real decreto, deberanse axustar aos límites e criterios que se establezan nas leis de orzamentos xerais do Estado en desenvolvemento da disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Disposición adicional terceira. *Cálculo do período medio de pagamento a provedores das entidades a que se refire o artigo 2.2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.*

1. As entidades a que se refire o artigo 2.2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, distintas das sociedades mercantís, calcularán mensualmente, no caso de entidades

vinculadas ou dependentes da Administración xeral do Estado ou dunha comunidade autónoma, ou trimestralmente, no caso de entidades vinculadas ou dependentes dunha corporación local, o seu período medio de pagamento a provedores de acordo coa metodoloxía establecida neste real decreto.

2. Esta información deberá ser comunicada polas entidades o día seguinte ao da súa publicación e de acordo cos modelos tipo de publicación facilitados polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, á Administración á cal estean vinculadas ou da cal sexan dependentes, quen tamén publicará esta información coa periodicidade indicada no número anterior.

Disposición transitoria única. *Publicación do período medio de pagamento a provedores en comunidades autónomas e corporacións locais.*

Mentres non se produza a modificación da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, as comunidades autónomas e as corporacións locais incluídas no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, remitiranlle ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, para a súa publicación e seguimento, e publicarán antes do día trinta de cada mes no seu portal web, a información a que se refire o artigo 6 referida ao mes anterior. O resto de corporacións locais publicarán e comunicarán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas esta información referida a cada trimestre do ano antes do día trinta do mes seguinte á finalización do dito trimestre.

A primeira publicación mensual da información prevista neste real decreto terá lugar no mes de outubro de 2014 referida aos datos do mes de setembro de 2014, e a primeira publicación trimestral será no mes de outubro de 2014 referida ao trimestre anterior.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Este real decreto dítase en exercicio da habilitación competencial contida na disposición derradeira segunda da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Habílase o ministro de Facenda e Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións e adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de xullo de 2014.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO